



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Ignasi Colominas Ezponda, Ana Iglesias Galdo, Sonia Souto Camba, María José Martínez e Daniel Pena Agras.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Tras dar a benvida ás persoas asistentes, **o reitor** dá conta da reunión da CRUE e Consejo de Universidades do pasado xoves día 20 de xuño, en que se discutiu sobre o *“Proyecto de Real decreto por el que se establecen los umbrales de renta y patrimonio familiar y las cuantías de las becas y ayudas al estudio para el curso 2013-2014, y se modifica parcialmente el Real Decreto 1721/2007, de 21 de diciembre, por el que se establece el régimen de las becas y ayudas al estudio personalizadas”*. A CRUE elaborou un Comunicado crítico sobre este proxecto de Decreto, que figura na web da nosa universidade. Mañá haberá unha reunión da executiva da CRUE co equipo ministerial para tratar de achegar posicións. O ministro mostrou a súa disposición a ese achegamento.

Tamén comenta o reitor que, por instancia do director xeral da Mariña Mercante, se activou unha solución para os estudos de mestrado que ofrecen a formación específica para as profesións mariñas. Fixéronse xestións co director xeral de Política Universitaria para tratar de desbloquear a situación.

Na reunión bilateral Ministerio-CRUE sobre as reformas universitarias, que tivo lugar a finais do mes de xuño, expresáronse as prioridades do Ministerio para esta lexislatura: reforma do acceso do profesorado, racionalización das titulacións, avaliación de centros e departamentos. Haberá unha vindeira reunión no mes de setembro.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, do informe favorable da ACSUG sobre os programas de doutoramento. Tamén informa das



previsións de convocatorias de investigación e transferencia dependentes de Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia e do MINECO, así como da próxima visita á UDC da subdirectora xeral de Proxectos de Investigación do MINECO, que informará sobre as novidades das convocatorias de subvencións deste ano.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa da Normativa de xestión académica, elaborada en colaboración coas administracións dos centros. Incorpora poucas novidades e axustes, como por exemplo, a excepción do réxime de lectura de fin de graos e mestrados en programas de mobilidade.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da reunión realizada co secretario xeral de Universidades. Pactouse a autorización de 4 prazas laborais, tras aplicar a taxa de reposición de efectivos do 10% á nosa Universidade.

Tamén informa o vice-reitor da realización do acto de conciliación previo ao conflito colectivo coa Comisión Paritaria do PDI laboral o 20 de xuño polo tema da paga extra do mes de xullo de 2012. Non se conciliou. Reunión do 2 de xullo para a prórroga do II convenio colectivo de PDI laboral. A parte patronal e a parte social teñen un acordo de prórroga que será aprobado nos vindeiros días.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa das seguintes convocatorias.

- Convocatoria de axudas de custo para a mobilidade do persoal docente e do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña no marco do Programa de aprendizaxe permanente Erasmus (STT) curso 2013/2014.
- Convocatoria de axudas de custo para a mobilidade do persoal docente (STA) da Universidade da Coruña no marco do Programa de aprendizaxe permanente Erasmus curso 2013/2014.
- Convocatoria de bolsas de mobilidade internacional de estudantes para prácticas en empresas de Europa (SMP), para o curso 2013/2014.
- Tamén está a piques de saír a 3.^a convocatoria de Erasmus, para prazas de mestrados e para ofertar as prazas de grao que quedaron vacantes.

Por outra banda, presentouse xa o programa de docencia en inglés. No curso académico 2013/2014, en catro graos ofrecerase este tipo de grupos



plurilingües. O obxectivo deste plan de internacionalización da Universidade da Coruña, que comezou o ano pasado con ADE, é mellorar as competencias profesionais que terán os alumnos con este proceso lingüístico que suporá vantaxes á hora da formación académica e da inserción laboral e para atraer alumnos estranxeiros aos campus da Coruña e Ferrol. Este ano estenderase o programa ás titulacións de Química e Bioloxía e á titulación de Enxeñaría Naval e Oceánica (grao que se implantará por primeira vez no próximo curso como resultado da fusión de dous: Enxeñaría de Propulsión e Servizos do Buque e Arquitectura Naval).

Por último, a vicerreitora informa de que por Resolución de 6 de xuño de 2013, da Dirección do Organismo Autónomo de Programas Educativos, se concedeu á UDC o Programa Leonardo Hi-Training para 34 mobilidades de 6 meses cada unha. A subvención aprobada para a realización do proxecto é de 143.907,98 €.

O **secretario xeral** informa do Auto do xulgado de primeira instancia n.º 1 da Coruña, do 26 de maio do 2013, polo que se ordena o sobresemento e arquivo provisional das dilixencias previas abertas n.º 286/2012, por presuntos delitos contra a ordenación do territorio, contra o profesor Xosé Lois Martínez, o xefe de servizo de arquitectura e os arquitectos directores de obra dos edificios da Área Científica e da Unidade Mixta da Madeira.

Despois das distintas dilixencias practicadas, a xuíz de instrución, de conformidade co informe do fiscal, D. Álvaro Ortiz, conclúe que na construción dos edificios da Área Científica e da Unidade Mixta da Madeira non hai indicios racionais de delito contra a ordenación do territorio, por non se menoscabar nin zonas verdes, nin tampouco viario cualificado como público.

O secretario xeral aclara que este punto foi obxecto de especial insistencia nas alegacións presentadas pola Universidade aos distintos expedientes abertos, tanto o penal como os expedientes de reposición da legalidade urbanística tramitados na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Finalmente, a xuíz de instrución deulle a razón á Universidade, pois acreditouse que as denuncias presentadas polo Concello e pola APLU se basearon nunha cartografía non actualizada do Plan parcial do campus universitario, que debería estar actualizado tras a súa modificación puntual no ano 2002.

Infórmase tamén de que, á vista do anterior, e tendo en conta o seu carácter legalizable, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística arquivou as actuacións e remitiu o expediente de reposición da legalidade ao propio



Concello, para que, unha vez entre en vigor o PXOM, se proceda á legalización das actuacións urbanísticas.

O secretario xeral felicítase pola noticia, que restaura a boa imaxe da Universidade e a profesionalidade de todo o persoal que fixo posibles estas equipacións para o beneficio da comunidade universitaria.

Infórmase tamén do contido da STS do 21 de maio de 2013, pola que se anula o Real decreto 1707/2011, de prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como das súas consecuencias prácticas, que se consideran mínimas mentres non se produza a publicación da sentenza no *Boletín Oficial do Estado*. O normal será que o propio Goberno se adiante e pase polo Consello de Estado de novo o Real decreto para emendar a carencia de informe preceptivos sobre a disposición adicional primeira, que era a disposición que eximía da obriga de cotización á Seguridade Social dos estudantes universitarios en prácticas.

O **xerente** informa en primeiro lugar de que, o 10 de xuño pasado, tivo lugar na sede da Inspección de Traballo da Coruña, e coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a reunión da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do PAS Laboral da Universidade da Coruña, por instancia de FETE-UXT Galicia, sobre a supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012 determinada polo Real decreto-lei 20/2012, sen que se puidese acadar o acordo instado.

Por outra parte, con data 17 deste mes comunicouse a introdución no calendario laboral de 2013 de dous días adicionais de asuntos particulares, para compensar o día 12 de outubro (que coincide en sábado) e o día de inauguración do curso académico 2013-2014, que será hábil na UDC por celebrarse esta inauguración no ámbito do SUG na Universidade de Santiago de Compostela.

Con data 18 de xuño comunicouse a Resolución pola que se ditan instrucións para a aplicación da redución retributiva disposta nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Esta resolución ditouse tras as reunións mantidas coas Mesas de negociación de PDI e de PAS os días 22 de maio e 13 de xuño de 2013, en aplicación dos criterios comunicados pola Consellería de Facenda con data 18 de abril anterior, dos que se deu conta na sesión do anterior Consello de Goberno do 28 de maio. Nesta resolución recóllense a base de cálculo da redución salarial, os conceptos retributivos afectados nos diferentes colectivos de



persoal e as regras necesarias para a confección das nóminas en que se practicarán os descontos que, en cómputo total, suporán unha minoración da masa salarial do Capítulo 1 (gastos de persoal) do Orzamento da UDC para 2013 do 4,70%.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de maio

A acta da sesión ordinaria do 28 de maio é aprobada por asentimento do Consello de Goberno.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en nove (9) convenios marco, oito convenios específicos (8), e sesenta e sete convenios para prácticas (67) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Elección dun representante dos estudantes no Consello Social

Tras a renovación da representación dos estudantes no Consello de Goberno, e de conformidade coa normativa reguladora do Consello Social, cómpre escoller un estudante de entre os representantes do Consello de Goberno. Previamente, circulouse un procedemento para regular a presentación de candidaturas e o modo de elección.

Presentou a súa candidatura en tempo e forma o estudante Miguel Valeiro, da ETS de Camiños, polo que, ao non haber máis candidatos, procede a súa proclamación provisoria.

5. Aprobación, se proceder, do Manual de avaliación da actividade docente do profesorado Docentia

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón as novidades do Manual de avaliación docente do programa Docentia, que é a guía para desenvolver este programa de avaliación. Búscase mellorar o procedemento, tras a detección de marxes de mellora na tramitación da III Convocatoria.



Así, inclúese un representante sindical do PDI como membro da comisión interna e un estudante nos distintos comités de avaliación; incrementase a información que reciben os avaliadores mediante enquisas; proporciona maior información sobre as guías docentes (moodle); procurouse a adaptación e mellora do autoinforme; a reestruturación dos resultados; a introdución de novas evidencias, como participación en programas de difusión de títulos, estadias de mobilidade, recepción de estudantes, proxectos internacionais de mobilidade, docencia en inglés etc.

No debate, María Luisa Sánchez comenta que non se ten en conta a participación en órganos de representación sindical e que as enquisas dos estudantes non son fiables, porque as contestan pouco. Tamén considera que os informes dos centros e dos departamentos son opacos. Non sabe se cabe recurso contra as avaliacións. Critica que este manual non sexa negociado sindicalmente, pola súa repercusión nas condicións de traballo, polo que anuncia o seu voto en contra.

José Manuel Sobrino Heredia pregunta se este programa de avaliación docente serve para algo. Subliña que o profesorado é sometido continuamente a todo tipo de avaliacións e acreditacións externas. E agora sométenos a un procedemento que lle parece kafkiano. O autoinforme parécelle unha broma. As enquisas dos estudantes non son significativas. A burocratización é excesiva. Os cursos de formación deixan moito que desexar.

O vicerreitor dá réplica conxuntamente a estas intervencións. É certo que as enquisas presentan problemas (baixa participación xeral, desigual participación por centros), pero é unha parte importante da que non se pode prescindir, porque hai que contar coa opinión dos/as usuarios/as. Os informes dos centros e departamentos son avaliados polos avaliadores dos comités, á luz das distintas evidencias obtidas, polo que non hai arbitrariedade. Hai recursos contra os resultados. Os resultados da avaliación son internos, para fornecer os indicadores de mellora, aínda que é certo que se está tratando de que a ACSUG recoñeza este proceso de avaliación para os efectos da puntuación dos méritos docentes nos complementos autonómicos. Docencia serve para cumprir cun dos requisitos do proceso de Boloña (avaliación interna da docencia), polo que non se pode evitar a súa existencia. Para evitar a burocratización, a Universidade fai un esforzo de dispor de datos para que non teña que os obter o propio profesor, e o seu traballo se centre na autoanálise crítica para mellorar a súa actividade. Debemos implicar os estudantes para que dean a súa opinión como usuarios do servizo público.



Tras o anterior debate, o manual apróbbase por asentimento e incorpórase como **Anexo IV** á acta, co voto en contra de María Luisa Sánchez Simón, e a abstención de Nona Inés Vilariño (aclara que a súa abstención é testemuñal, porque está en contra dos actuais sistemas de avaliación e dos negos contra o labor docente na Universidade actual) e do profesor Sobrino.

6. Aprobación da IV convocatoria do programa Docentia

Unha vez aprobado o Manual, o vicerreitor propón a aprobación da IV convocatoria do programa Docentia.

Apróbbase por asentimento e incorpórase como **Anexo V** á acta.

7. Aprobación da normativa de permanencia

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón a necesidade de contar con normativa de permanencia, pois é reclamada polas entidades acreditadoras das titulacións para o seu seguimento e verificación.

Así mesmo, o vicerreitor explica que esta normativa, pola súa relación co acceso e progresión do estudante no ensino superior, foi negociada cos representantes dos estudantes. Recóllense normativas de progresión e permanencia anteriormente espalladas en distintas normas, e introdúcense algunhas determinacións novas: número mínimo de créditos para superar en cada cuadrimestre (12-6 créditos por ano, caso de estudos a tempo parcial). Caso dos mestrados, sóbese a esixencia a 18-12 créditos para manterse. O número de convocatorias pasa de 6 a 4 convocatorias (con dúas oportunidades por cada convocatoria), que é cando o custo da matrícula pasa a ser do 100%.

O documento foi aprobado pola Comisión de Planos de Estudo.

María Jesús Lorenzo Modia: consulta puntual sobre o artigo 3.1 (preinscrición na mesma titulación). Hai que aclarar esta posibilidade. Recomenda regular a situación de “non presentado”, para aclarar cando “corre convocatoria”

Luis Castedo pregunta sobre o mínimo de 12 créditos o primeiro ano e sobre as posteriores restricións. Tamén se pregunta se terá utilidade práctica o regulamento, porque na actualidade o custo das matrículas contén o constrinximento máis potente da progresión e da permanencia.



Alba Castanedo, representante dos Comités, posiciónase en contra de calquera normativa de permanencia, sobre todo porque os estudantes están en exames.

Carlos Hugo González tamén se posiciona en contra da normativa de permanencia mentres non se garanta unha igualdade real de oportunidades no acceso aos estudos universitarios. Punto 6.8. desistencia de matrícula.

José Venegas, membro do Consello Social, fai unha reflexión de carácter xeral: o sistema é tan laxo como o que xa existía. Para el, a Universidade debe formar líderes do futuro, polo que só deben estar na Universidade as persoas con motivación real, que acheguen o seu esforzo.

O vicerreitor de Títulos replica conxuntamente. A regulación do “non presentado” está noutra normativa sobre avaliación, actualmente en negociación, pero aclara que unha cousa é a progresión e outra a cobranza económica das taxas, que está nunha normativa da Xunta. Concorde con Luis Castedo en que o gran problema de permanencia é a barreira económica que se deriva do incremento de custos de matrícula a medida que avanza as convocatorias. Respecto do momento, o vicerreitor aclara que se agardou a que se renovara a representación dos estudantes para negociar con persoas lexitimadas, o que nos levou a esta época do ano. Non se pretende expulsar os estudantes da Universidade, senón dar criterios claros para que os estudantes poidan facer o mellor aproveitamento académico dos seus estudos ao menor custo posible.

María Jesús Lorenzo Modia pide aclaración sobre o alcance do punto 8.2, engadindo o vicerreitor que son situacións excepcionais que deben avaliar os centros de xeito motivado.

Tras un debate, sométese a votación, co seguinte resultado: 28 votos a favor, 4 en contra e 2 abstencións.

As normas incorpóranse ao **anexo VI** da acta.

8. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente dá conta da proposta de prazas de PDI contratado para o vindeiro curso académico que figuran no **Anexo VII**, estas prazas pasaron a mesa sindical e a COAP. A maioría delas obedecen a xubilacións, baixas, suspensións de contrato e demais continxencias.



Apróbase por asentimento.

9. Proposta de cambio de dedicación curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado explica os motivos dos cambios de dedicación do profesorado que se recollen no **anexo VIII** e solicita a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

10. Proposta de cambio de departamento e área de coñecemento

Exponse en primeiro lugar a solicitude de cambio de departamento e área de coñecemento do profesor asociado D. José Antonio González Meijide, que pasa do Departamento de Tecnoloxía da Construción ao Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, Área de Proxectos de Enxeñaría. Conta informe favorable de ambos os departamentos, e petición do interesado.

En segundo lugar, exponse a solicitude de cambio de área de distintos profesores asociados de Radioloxía e Medicina Física á Área de Enfermaría/area funcional de Terapia Ocupacional, dentro do Departamento de Ciencias da Saúde. Constan informes favorables de ambos os departamentos.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX**

11. Proposta de anos sabáticos curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado expón as sete solicitudes de ano sabático do profesorado que figura no **anexo X**. No caso de varias solicitudes dunha mesma área, a COAP, revisados os distintos criterios de concesión de anos sabáticos, propuxo a concesión de ano sabático ás seguintes persoas:

- Plácido Lizancos
- Teresa López Fernández

A profesora Inés Pernas aclara que o seu departamento vai cubrir a docencia.

Apróbase a proposta por asentimento.

12. Proposta de prórroga de profesor emérito



Trátase da prórroga do profesor emérito José Álvaro Porto Dapena por dous anos, até o 30 de setembro de 2015, con cambio de dedicación de tempo completo a P06.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**

13. Proposta de nomeamento e prórroga de profesores/as honorarios/as

O vicerreitor de Profesorado propón o nomeamento como novos profesores honorarios de:

- Alejandrino Fernández Barreiro, catedrático de Dereito Romano
- Pedro López Gómez, catedrático de Biblioteconomía e Documentación

Tamén se propón a renovación dos profesores honorarios José María Domínguez Legaspi (segunda prórroga, até o 30 de setembro de 2015) e Eulogio Jiménez Cuesta (cuarta prórroga, até o 30 de setembro de 2015).

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XII**

14. Proposta de excedencia temporal segundo o establecido no artigo 83.3 da LOU

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización da excedencia temporal do profesor Ángel Viña Castiñeiras para o desenvolvemento da EBT “Denodo Technologies”. Trátase do cuarto ano de excedencia temporal dun máximo de cinco anos (art. 83.3 LOU).

Apróbase por asentimento e incorpórase ao **anexo XIII**

15. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para a licenza de Natalia Sobrido Prieto, da Área de Enfermaría, para unha estada de dez meses na *International Business School* en Beijing.

Apróbase por asentimento e incorpórase ao **anexo XIV**

16. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:



A profesora Inés Pernas, respecto da representación da rama de Enxeñaría e Arquitectura na Comisión de Avaliación do programa Docencia, considera que a presidenta, que é da Área de Álgebra, non parece a máis idónea para avaliar a docencia do profesorado de Arquitectura.

O profesor Luis Castedo refírese á creación dun fondo social por parte do equipo de goberno. Parécelle unha iniciativa moi positiva. O profesor Castedo reflexiona sobre a autonomía universitaria que apoia este tipo de medidas.

A intervención do profesor Castedo é interrompida polo ruído causado por unha representación do PAS, que protesta no exterior do Consello de Goberno polo recorte salarial do ano 2013.

Tras cinco minutos de receso, Luis Castedo retoma a súa intervención, e solicita saber de onde se sacou o diñeiro para dotar ese fondo. Comenta tamén a sintonía da Universidade coa Xunta de Galicia, que conxela a matrícula para o vindeiro curso, e vai complementar as bolsas do Ministerio. Pregunta se esta actitude da Xunta trastorna a idea inicial do fondo social. Reflexiona tamén sobre as notas de corte tan altas que hai en certas titulacións (Medicina), que ten un efecto expulsor da universidade pública, e ao final, discriminatorio. Sobre o recorte salarial, comenta que as discrepancias coa Xunta son importantes, como se puxo de manifesto na declaración conxunta das tres universidades ao respecto. Pero hai que asumir o recorte salarial, se non queremos repercutir sobre taxas ou sobre supresión de postos de traballo, aínda que sexa imposto. Cita a Politécnica de Madrid, onde o fracaso da negociación do recorte de salarios tivo como consecuencia a amortización de postos de traballo. O profesor Castedo apela á autonomía universitaria para defender que deberíamos ter decidido nós como aplicar a rebaixa salarial do 5%.

O vicerreitor de Títulos explica que se nomeou unha persoa de Álgebra como presidenta da Comisión porque non se presentou ningún profesor voluntario para integrarse na comisión correspondente.

En contestación a Luis Castedo, o reitor explica como se chegou a adoptar a decisión de crear un fondo social para este ano, e como se dotou o seu importe: acudindo a unha empresa privada que financiou esa cantidade. Para o ano que vén, a cantidade dos 115.000 € obtense mediante transferencias e reaxustes entre partidas, con saldo da previsión de 1,5 millóns de euros para bolsas. Tamén explica o reitor como se está degradando a autonomía universitaria pola vía do control orzamentario e, en particular, pola vía da lei de orzamentos. O reitor considera un sarcasmo que a Xunta de Galicia só se



acorde da nosa autonomía para que decidamos onde aplicar a redución salarial acordada por eles. No entanto, considera tamén que é moi boa noticia que se conxelen totalmente as taxas de matrícula, o cal vai na liña defendida pola Universidade da Coruña nestes anos.

A profesora Inés Pernas comenta o auto de arquivo das dilixencias penais abertas contra distintos arquitectos, e solicita que se rehabilite a imaxe de Xosé Lois Martínez.

Nuria Vieira intervén para indicar que as protestas do PAS contra os recortes orzamentarios non só ían dirixidas á Xunta, senón tamén ao equipo de goberno.

Manuela Pinazas considera que hai máis sitios onde recortar e non no persoal ou nas bolsas, como por exemplo axudas de custo de deputados, ou sobresoldos de partidos políticos. Considera que, dado que o PP foi pioneiro en desobediencia civil, a universidade ten que actuar en consecuencia.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:10 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito